

O Acordo do Consello de Goberno de 5 de xullo de 2016, modificado o 12 de maio de 2017 e modificado novamente polo mesmo órgano o día 10 de xullo de 2018, sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao, ao abeiro do artigo 10.9.c) do Real Decreto 822/2021, recolle no punto 3.1 que a actividade físico deportiva do alumnado, supervisada pola Área Deportiva da Universidade de Santiago de Compostela (USC), poderá ser recoñecida como crédito nas titulacións de grao.

No referente ao recoñecemento das actividades de competición da USC establécese o recoñecemento de 1 crédito ECTS pola participación noutras competicións autorizadas.

Á vista da proposta da Área Deportiva (AD), cómpre determinar cales son as competicións autorizadas para o curso 2024-25 é por iso que,

esta Reitoría **RESOLVE**:

### **PRIMEIRO.- COMPETICIÓN AUTORIZADAS**

1.1.- As competicións autorizadas consideradas para o recoñecemento de créditos no curso 2024-25 son os:

XOGOS GALAICO-DURIENSES
CAMPIONATOS GALEGOS UNIVERSITARIOS
LIGAS USC

1.2.- A AD concretará, na publicación das convocatorias de inscrición de cada competición autorizada, a posibilidade de recoñecemento do crédito así como os requisitos e condicións para a súa obtención.

1.3.- En ningún suposto se recoñecerán fraccións de crédito.

1.4.- Soamente se recoñecerán créditos ao alumnado polas competicións autorizadas desenvolvidas durante o tempo en que a/o solicitante estivo matriculado/o nos estudos de grao correspondentes.

## **SEGUNDO.- REQUISITOS**

Para a obtención de créditos pola participación en Competicións Autorizadas o alumnado de grao desta Universidade deberá:

- Participar, representando á USC, na competición autorizada concreta da que se solicitará o recoñecemento.
- Solicitar, a través da súa [conta de persoa usuaria da AD](#), a incorporación ao programa de recoñecemento de créditos.
- Nas Ligas USC acreditar 25 partidos, a estes efectos poderán computarse:
  - o para unha modalidade deportiva durante un mínimo de dous cursos académicos consecutivos;
  - o para dúas ou máis modalidades deportivas durante un mínimo dun curso académico, no caso de computarse dous ou máis cursos académicos deberán ser igualmente consecutivos.

Data de aplicación: desde o curso 2024-25.

- Contar co informe favorable da AD.

## **TERCEIRO.- RECOÑECIMENTO**

Finalizada a competición, comprobada a participación e de non constar informe negativo por parte dos responsables, a Dirección da AD elevará ao delegado do reitor para o Deporte, para a súa sinatura, a certificación de recoñecemento dos créditos. O alumnado, en caso de querer incluír os créditos recoñecidos no seu expediente, deberá solicitalo a través da [sede electrónica](#), achegando a devandita acreditación, á Unidade de Xestión Académica correspondente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

**O REITOR,**

(P.D. de sinatura do reitor, R.R. 29 de xuño de 2022)